
DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

14/07/2015

O libro e a edición en Galicia

O libro segue a ser un obxecto fundamental para a cultura. As transformacións que está sufrindo no seu formato así como no proceso de edición teñen implicacións para todo o sistema cultural. No informe que se presenta a continuación, realízase un percorrido por todos os ámbitos relacionados coa edición de libros en Galicia. A análise abrangue dende os datos estatísticos máis específicos sobre a edición de libros, ata magnitudes transversais como o sector empresarial e o mercado laboral.


Segundo o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, o concepto de libro é o establecido pola Lei 10/2007, da lectura, do libro e das bibliotecas. Así, enténdese por libro “calquera obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura”. Enténdense, polo tanto, incluídos na definición de libro os libros electrónicos e os libros que se publiquen ou se difundan por Internet ou noutro soporte que poida aparecer no futuro.

Para a elaboración deste estudo, o Observatorio nítrese dos datos achegados polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (*Estadística de la edición española de libros con ISBN* e *Panorámica de la edición española de libros*). Tamén se toman algúns indicadores da *Estadística de la producción editorial de libros* do Instituto Nacional de Estadística. A información relativa ao ámbito laboral extraeuse do Instituto Galego das Cualificacións e do Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Para os movementos empresariais acudiuse ao Directorio Central de Empresas.

Cifras do libro en Galicia

Segundo os datos do ISBN, en 2014 Galicia editou 2.877 libros, 383 libros máis ca en 2013, o que supón un aumento dun 15,4%. Isto é un fito importante porque é a primeira vez que aumenta o número de libros inscritos no ISBN en Galicia desde 2010. En termos absolutos, significa volver a niveis próximos aos de 2004. No conxunto de España tamén aumentou o número de libros inscritos no ISBN con respecto a 2013, pero só nun 1,8%. No ano 2014, Galicia ocupa o sexto lugar no conxunto do Estado en número de libros inscritos no ISBN, despois da Comunidade de Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e o País Vasco.

Libros inscritos no ISBN en Galicia e España



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

Como se pode ver na táboa seguinte, en Galicia editáronse 2298 libros en soporte papel (64 máis que o ano anterior). A edición en soportes distintos ao papel aumentou en 2014 en case 10 puntos porcentuais con respecto a 2013, mentres que no conxunto de España diminuíu en 2,2 puntos. Este incremento da edición electrónica e doutros soportes explica en gran medida o crecemento en termos absolutos. Deste xeito, Galicia achégase ao conxunto de España en porcentaxe de libros inscritos en formatos dixitais, cunha diferenza de 4,1 puntos en 2014, fronte aos 15,6 puntos de diferenza en 2013.

Libros inscritos no ISBN por soportes

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España								
Total libros	96 770	104 223	110 205	114 459	116 851	104 724	89 130	90 802
Libros en soporte papel	88 679	95 508	96 955	95 959	91 931	80 094	65 942	68 378
Libros noutros soportes	8 091	8 715	13 250	18 500	24 920	24 630	23 188	22 424
% en papel	91,6	91,6	88,0	83,8	78,7	76,5	74,0	75,8
% noutros soportes	8,4	8,4	12,0	16,2	21,3	23,5	26,0	24,2
Galicia								
Total libros	3396	3690	4069	4754	3384	2528	2494	2877
Libros en soporte papel	3206	3453	3370	4068	2839	2192	2234	2298
Libros noutros soportes	190	237	699	686	545	336	260	579
% en papel	94,4	93,6	82,8	85,6	83,9	86,7	89,6	79,9
% noutros soportes	5,6	6,4	17,2	14,4	16,1	13,3	10,4	20,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

No caso da proporción de primeiras edicións, o comportamento de Galicia e o total España varía pouco.

Primeiras edicións (en %)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España	79,5	79,1	77,9	78,5	83,4	84,0	83,9	85,1
Galicia	88,2	86,2	85,7	82,2	92,3	91,6	89,9	89,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

O comportamento dos títulos traducidos do galego marca unha tendencia irregular á baixa, xa que agás en 2013, que aumentou un 14,4% con respecto a 2012, ano en que hai o número máis reducido de títulos traducidos do galego, a tendencia é sempre descendente ata 2014. A tendencia é semellante nas outras linguas oficiais.

Libros traducidos inscritos no ISBN segundo a lingua de orixe

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Castelán	4.409	3.725	3.501	3.864	4.051	3.677	2.815	2.877
Catalán	1.049	821	662	782	830	574	459	445
Galego	198	131	117	170	138	89	104	93
Éuscaro	102	100	103	97	81	69	68	78

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

No ámbito dos solicitantes de ISBN, logo da baixada que se produciu en 2012 e en 2013, en 2014 volveuse recuperar a cifra de editores tanto no total España como na comunidade galega. En canto á produción media, no ano 2013 caeu por debaixo dos 30 libros no conxunto de España e en Galicia recuperouse lixeiramente en 2014.

Editores e producións medias

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Editores								
España	3.524	3.472	3.564	3.473	3.474	3.187	3.086	3.109
Galicia	148	159	157	164	169	147	144	149
Produción media								
España	27	30	31	33	34	33	29	29
Galicia	23	23	26	29	20	17	17	19

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

Ao contrario do que sucede no total España, na comunidade galega continúa a tendencia descendente da edición pública, mentres que no conxunto de España se mantén estable.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**Edición pública (en %) de libros inscritos no ISBN**

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España	12,3	11,2	9,8	8,6	8,0	7,2	7,5	9,0	9,0
Galicia	33,3	13,5	13,7	9,1	12,6	13,9	10,0	8,9	7,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

Nos resultados de produción editorial¹ obsérvase que en Galicia, despois de sufrir cinco anos consecutivos de caída, o número de títulos en 2014 volve remontar, con 426 títulos máis ca en 2013, o que supón un aumento dun 18,6%. Aumenta en case 500 o número de libros publicados en 2014 e diminúe lixeiramente a cifra de folletos. Pola contra, no conxunto de España acumúlanse catro anos consecutivos de descenso no número de títulos, concretamente 405 títulos menos en 2014 con respecto a 2013 e 30.300 menos ca en 2008, ano da serie histórica no que se acadou a cifra máis elevada.

Número de títulos (libros e folletos)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España								
Total	72.914	86.330	74.521	76.206	74.244	69.668	56.435	56.030
Libros	63.397	75.933	65.213	67.800	66.733	60.219	49.001	48.755
Folletos	9.517	10.397	9.308	8.406	7.471	9.449	7.434	7.275
Galicia								
Total	2.364	3.747	3.180	2.778	2.866	2.660	1.869	2.295
Libros	1.979	3.150	2.540	2.266	2.371	2.136	1.514	2.001
Folletos	385	597	640	512	495	524	355	294

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. *Producción editorial de libros*

Edición en galego

Na seguinte táboa reflíctense os datos da evolución dos libros con ISBN publicados en galego segundo o tipo de formato no que están publicados, é dicir, en formato de libro en papel ou noutros soportes².

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo o formato

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	2.482	2.121	2.544	1.997	1.621	1.426	1.763

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

¹ A *Estadística de produción editorial* publicada polo Instituto Nacional de Estadística elaborase partindo dos datos dos libros entregados na sección de Depósito Legal do departamento de adquisicións da Biblioteca Nacional e información anexa —impreso de solicitude do número de DL e ficha de solicitude do ISBN se procede. En consecuencia, inclúe materiais libraríos xa editados (o ISBN asígnase sobre proxectos de edición) e máis aló dos que están en venda.

² Na categoría doutros soportes inclúese: edición electrónica, microformas, videolibro, audiolibro e diapositivas.

Libro en papel	2.359	1.970	2.326	1.554	1.401	1.217	1.298
Outros soportes	123	151	218	443	220	209	465

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

Dos datos da táboa anterior despréndese que o número de libros publicados en galego sufriu unha caída dun 28,6% no período 2008-2014, cunha perda de arredor de 700 títulos. Ben é certo que no ano 2010 a cifra de libros foi a máis alta deste período, cun total de 2.544 libros. A cifra total de libros publicados en galego supón un 61,3% do total de libros con ISBN publicados en Galicia en 2014. A porcentaxe de edición en galego respecto do total de edición en Galicia sitúase entre o 52% e o 67% nos últimos anos. É moi salientable que en 2014 o número de títulos en galego creceu en 337 unidades, o cal supón un aumento do 23%.

Porcentaxe de libros editados en galego respecto do número total de libros editados en Galicia³

2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
67,3%	52,1%	53,5%	61,8%	64,1%	57,2%	61,3%

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de la edición española de libros con ISBN*

No que respecta ao formato, segue a dominar o formato en papel, xa que supón un 73,6% dos libros publicados en galego en 2014. Cómpre salientar que en 2011 se produciu un aumento significativo de libros en galego publicados noutros soportes dun 50,8% con respecto a 2010, pero nos dous anos seguintes volveu diminuír para achegarse a cifras similares ás de 2010. Porén, en 2014 a edición noutros soportes adquire gran relevancia e aumenta nun 55% con respecto a 2013, de tal xeito que acada a cifra máis alta que se produce na serie histórica.

Na seguinte táboa inclúense cifras da evolución do número de libros con ISBN publicados en galego.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo a materia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	2.482	2.121	2.544	1.997	1.621	1.426
Xeneralidades	608	432	550	343	314	341
Filosofía. Psicoloxía	9	7	15	19	9	4
Relixión. Teoloxía	9	7	9	4	5	2
Socioloxía. Estatística	26	22	26	24	33	20
Ciencias políticas. Ciencias económicas	27	25	46	77	11	13
Dereito. Administración pública	50	69	55	167	19	8
Arte e ciencia militar	2	1	-	-	-	-
Ensinanza. Educación	934	774	646	540	624	408



³ Os títulos editados en galego non están necesariamente editados en Galicia.

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Comercio. Comunicaci3ns. Transportes	6	7	5	26	-	3
Etnografía. Usos e costumes	38	31	27	14	4	8
Matemáticas	6	10	13	10	5	1
Ciencias naturais	38	30	50	35	15	5
Ciencias m3dicas. Hixiene p3blica	13	13	21	23	10	7
Enxeñaría. Tecnoloxía. Informática	33	25	15	38	9	2
Agricultura. Silvicultura. Gandaría	5	7	12	11	3	1
Economía dom3stica	7	10	16	11	7	18
Organización e xestión de empresas	14	14	13	56	3	2
Urbanismo. Arquitectura	15	20	38	26	18	19
Artes plásticas. Artes gráficas	27	32	40	35	27	48
Música. Teatro. Cine	13	26	18	13	8	17
Xogos. Deportes. Pasatempos	4	18	10	3	7	3
Lingüística. Filoloxía	28	39	70	25	27	24
Literatura	410	331	682	408	374	407
Xeografía. Viaxes	55	47	58	13	10	3
Historia. Biografía	105	124	109	76	79	62

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

A materia en que abundan máis libros publicados en galego é a de 'Ensinanza e educación', seguida de 'Literatura'. Na primeira categoría Foi diminuíndo considerablemente o número de libros publicados no período 2008-2013, acumulando un descenso dun 56,3%. De feito, é en 2013 cando se rexistra a cifra máis baixa dentro desta materia, cun total de 408 títulos.

Por outra banda, no tocante aos libros de literatura, en 2013 publicáronse 33 títulos en galego máis ca en 2012. Esta cifra de 407 títulos é moi inferior á acadada en 2010, ano en que se publicaron 682 libros en galego. A partir deste momento a cifra comeza a diminuír ata 2012 nun 45,2%.

Dentro da clasificación de libros por materias, pódense agrupar por subsectores, tal como mostra a táboa a continuación.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo os subsectores

	2009	2010	2011	2012	2013
Infantil e xuvenil	400	513	314	300	326
Libros de texto	707	514	479	582	390
Creación literaria	331	682	408	374	407
Ciencias sociais e humanidades	491	627	587	272	213
Científicos e técnicos	90	111	132	42	19
Tempo libre	94	88	73	46	69
Outros	8	9	4	5	2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

En 2013 os libros de creación literaria en lingua galega foron os máis numerosos, seguidos dos libros de texto. É tamén salientable o número de libros dirixidos a un público

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

infantil e xuvenil. Nestas tres categorías mencionadas aumenta a cifra de libros con respecto ao ano anterior. Porén, en todos os subsectores, agás nos de creación literaria, diminúen con respecto ao ano 2009, fundamentalmente os libros de texto que se vén reducidos nun 44,8%.

No ano 2013 aumentaron as reedicións e as reimpresións con respecto a 2012, mentres que as primeiras edicións diminuíron, tal como se pode ver na seguinte táboa.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as edicións

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Primeiras edicións	2.215	1.776	2.238	1.691	1.338	1.120
Reedicións	91	71	52	20	15	23
Reimpresións	266	274	254	286	268	283

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

Na seguinte táboa inclúense datos do número de libros traducidos dende outras linguas cara ao galego.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as linguas traducidas

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	472	413	616	560	234	188
Alemán	18	12	12	18	4	13
Castelán	312	254	369	385	119	68
Catalán	18	11	55	23	13	2
Francés	33	38	51	34	18	17
Inglés	55	66	78	66	70	63
Italiano	11	12	14	14	5	8
Portugués	5	8	5	3	-	4
Xaponés	-	1	2	3	1	3
Outras linguas	20	11	30	14	4	10

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

Os libros traducidos para o galego diminuíron considerablemente no período 2008-2013. Logo de aumentar nun 30,5% entre 2008 e 2010, foron diminuíndo nos seguintes anos ata acadaren a cifra máis baixa de todo o período. Esta cifra sufriu unha caída dun 69,5% con respecto a 2010, ano en que se acadou o número máis elevado. Por linguas, a máis traducida todos os anos foi o castelán, seguida do inglés.

A seguinte táboa indica as provincias onde se editaron os libros en galego. En Galicia, a provincia onde se editaron máis libros foi Pontevedra, seguida da Coruña. Moi por detrás están as provincias de Lugo e Ourense. Fóra de Galicia tamén se publicaron libros en galego, principalmente en Madrid e en Barcelona.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo as provincias



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	1.876	1.585	2.025	1.565	1.160	1.067
A Coruña	795	690	869	826	493	401
Lugo	45	39	16	18	12	81
Ourense	78	58	48	38	14	18
Pontevedra	958	798	1.092	683	641	567
Outras CC.AA.	606	536	519	432	461	359
Barcelona	154	137	125	207	110	89
Madrid	400	275	299	199	326	260
Outras provincias	52	124	95	26	25	10

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

A seguinte táboa indica o número de libros publicados en galego por intervalos de prezos. Destes datos pódese concluír que un 52,2% dos libros publicados en galego en 2013 tiñan un prezo que oscila entre 7,51 e 15,00 euros.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo o prezo

	2009	2010	2011	2012	2013
Menos de 2,50 €	40	70	7	33	21
De 2,51 a 5,00 €	129	259	132	46	21
De 5,01 a 7,50 €	217	246	129	131	75
De 7,51 a 10,00 €	299	496	304	251	277
De 10,01 a 12,50 €	278	409	205	211	288
De 12,51 a 15,00 €	146	248	18	173	179
De 15,01 a 17,50 €	15	166	136	10	6
De 17,51 a 20,00 €	155	126	101	89	99
De 20,01 a 25,00 €	89	107	137	58	60
De 25,01 a 30,00 €	119	111	79	45	33
De 30,01 a 35,00 €	69	35	94	31	20
De 35,01 a 40,00 €	31	15	48	39	5
De 40,01 a 45,00 €	7	5	12	5	
De 45,01 a 50,00 €	8	0	6	1	7
De 50,01 a 60 €	6	11	7	2	2
Máis de 60 €	84	52	136	40	18
Sen especificar prezo	29	178	282	365	219

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Na seguinte táboa recóllense datos sobre os libros publicados en galego segundo a natureza xurídica do editor.

Número de libros con ISBN publicados en galego segundo a natureza xurídica

	2009	2010	2011	2012	2013
Edición pública	136	250	165	109	116
Organismos oficiais da Admón. xeral do Estado	7	5	2	3	2
Organismos oficiais da Admón. autonómica	57	28	16	19	-
Organismos oficiais da Admón. local	27	40	53	44	73
Institucións educativas das administracións públicas	41	173	92	39	34
Institucións culturais das administracións públicas	4	4	2	4	7
Edición privada	1.985	2.294	1.832	1.512	1.310
Autor-Editor	163	105	105	90	77
Editoriais pequenas ⁴	653	959	395	291	363
Editoriais medianas ⁵	837	880	1.054	760	577
Editoriais grandes ⁶	332	350	278	371	293

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Panorámica de la edición española de libros 2013*

A edición privada supuxo un 91,9% de toda a edición de libros en galego e a edición pública, un 8,1%. Na edición pública en 2013 dominan as publicacións editadas por organismos oficiais da Administración local, que aumentaron nun 39,7% con respecto a 2012. Tamén é salientable o feito de que se incrementaron os libros en galego publicados por institucións culturais das administracións públicas.

Editores agremiados

Os datos que achega a Federación de Gremios de Editores de España (FGEE) e a Asociación Galega de Editores (AGE) refírense ao sector editorial español privado e agremiado a algunha das asociacións de editores da FGEE, que representan un total de 809 empresas editoriais en toda España. En Galicia o número de empresas editoriais agremiadas ascende en 2013 a 40, unha máis que no ano 2012 e 6 menos que en 2009. No conxunto de España no período 2009-2013 desapareceron 80 empresas editoriais agremiadas.

Na seguinte táboa reflíctense datos sobre as empresas editoriais agremiadas en Galicia e no total de España.

Número de empresas editoriais e emprego xerado

⁴ **Editoriais pequenas** son aquelas cunha produción prevista total igual ou inferior a 100 libros.

⁵ **Editoriais medianas** son aquelas cunha produción prevista total de entre 1.000 e máis de 100 libros.

⁶ **Editoriais grandes** son aquelas cunha produción prevista total de entre 100.000 e máis de 1.000 libros.

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

	2009	2010	2011	2012	2013
GALICIA					
Empresas editoriais privadas e agremiadas	46	45	48	39	40
Publican en galego	44	43	45	-	-
Emprego xerado	291	249	236	190	189
ESPAÑA					
Empresas editoriais privadas e agremiadas	889	839	840	816	809
Publican en galego	-	-	-	-	-
Emprego xerado	14.240	13.864	13.441	12.689	12.240

Fonte: FGEE. *Comercio Interior del libro en España*; AGE. *Comercio Interior do Libro en Galicia*

No tocante ao emprego xerado por estas empresas, conséntase que as editoriais da Asociación Galega de Editores perderon case 100 empregos no período 2009-2013, o que supón unha redución do 35% do emprego en cinco anos. O ano en que se perderon máis postos de traballo foi en 2012, cunha caída do 19,5% con respecto ao ano anterior. En 2013 creouse un posto de traballo por primeira vez en todo o período analizado.

No conxunto de España houbo catro anos consecutivos de perda de emprego e foi no ano 2012 cando a redución foi a máis elevada do período 2009-2013, concretamente un -5,6% con respecto a 2011, que se traduciu en 752 postos de traballo menos.

Datos sobre a edición de libros

	2009	2010	2011	2012	2013
GALICIA					
Títulos vivos en catálogo. Total	12.108	13.269	13.994	13.292	13.953
Títulos vivos en catálogo en galego	8.731	9.669	10.708	10.804	11.332
Títulos editados. Total	1.954	2.115	2.156	1.888	1.682
Títulos editados en galego	1.201	1.566	1.587	1.458	1.346
Exemplares producidos (en miles)	2.644.000	3.361.000	3.365.000	2.426.000	2.275.000
Exemplares producidos en galego	2.071.121	2.350.035	2.337.111	1.917.000	1.799.000
Tiraxe media. Total	1.507	1.589	1.561	1.285	1.352
Tiraxe media en galego	1.475	1.500	1.473	1.315	1.378
ESPAÑA					
Títulos vivos en catálogo. Total	414.727	439.991	464.981	490.757	524.213
Títulos editados. Total	76.213	79.839	83.258	79.175	76.434
Títulos editados en galego	1.577	2.028	1.922	1.848	1.747
Exemplares producidos (en miles)	329.831	302.631	286.462	280.251	246.345
Tiraxe media. Total	4.328	3.790	3.441	3.540	3.223

Fonte: FGEE. *Comercio interior del libro en España*; AGE. *Comercio interior do libro en Galicia*

No que respecta á edición de libros, obsérvase que en Galicia foi aumentando progresivamente ata o ano 2012, en que se produciu un descenso dun 12,4% con respecto


CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ao ano anterior, co que quedou o número de títulos por debaixo do ano 2009. O ano que máis medrou a produción editorial foi en 2010, especialmente na edición en galego, que se incrementou nun 23,3% con respecto ao ano anterior. En canto ao número de exemplares editados, produciuse unha variación interanual negativa considerable no total dos exemplares editados en 2012 en Galicia, aínda que cómpre salientar que na edición en galego este descenso non foi tan forte.

Actividade empresarial e mercado laboral

A actividade empresarial do conxunto do sector do edición en Galicia oscilou nos últimos seis anos entre as 345 empresas contabilizadas en 2009 e as 351 de 2014. 2010 e 2013 foron anos positivos na creación de novas editoras, tal e como se aprecia na seguinte gráfica. No conxunto estatal, tras a creación de 367 empresas entre 2009 e 2010, a tendencia é o descenso constante destas ata situarse en 8.152 en 2014, o punto máis baixo de todo o período analizado.

Evolución do número de empresas de edición de libros, xornais e outras actividades editoriais. Comparativa España-Galicia



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. *Directorio Central de Empresas: explotación estadística*

O groso da actividade editora na comunidade galega corre a cargo das pequenas empresas. Un 56,4% das empresas de edición non teñen asalariados e un 26,2%, entre 1 e 2. En xeral, como se constata a continuación na táboa de evolución, o peche de empresas é un feito en practicamente todos os estratos de asalariados.

Evolución do número de empresas de edición de libros, xornais e outras actividades editoriais por estrato de asalariado en Galicia

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	345	364	359	357	369	351
Sen asalariados	174	180	184	192	201	198
De 1 a 2	95	107	99	94	105	92



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

De 3 a 5	31	35	37	39	28	25
De 6 a 9	14	14	13	8	11	13
De 10 a 19	16	15	14	11	12	11
De 20 a 49	5	3	4	4	4	4
De 50 a 99	4	3	2	3	3	3
De 100 a 199	4	4	4	5	4	4
De 200 a 499	1	3	2	1	1	1
De 500 a 999	1	0	0	0	0	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. *Directorio Central de Empresas: explotación estadística*

Abórdanse a continuación as diferentes ocupacións profesionais do sector. Segundo o Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, as profesións que exercerían actividades propias do libro, xornais e publicacións periódicas incluíriáanse dentro das familias profesionais descritas na seguinte táboa, para cuxa elaboración se analizaron e valoraron todas aquelas ocupacións e cualificacións profesionais que teñen significativa relación, dentro da estrutura do mercado laboral, co sector produtivo relacionado cos libros, xornais ou publicacións periódicas. Resaltouse tamén a tendencia na evolución das ocupacións, así como o perfil profesional na contratación destas.

Ocupacións profesionais do sector da edición de libros, xornais e outras actividades editoriais

OCUPACIÓN	Tendencia do mercado laboral e perfil profesional
1222 Directores de publicidade e relacións públicas Directores de gabinete de prensa	Crecedemento irregular Home de 26 a 35 anos Comarca de Santiago
2484 Deseñadores gráficos e multimedia Deseñadores gráficos	Crecedemento irregular Home de 26 a 35 anos Comarca da Coruña
2921 Escritores Correctores de estilo Coordinadores de editorial	Non hai datos de evolución Home de 26 a 35 anos Comarca de Santiago
2922 Xornalistas Críticos de arte, medios de comunicación e espectáculos Asesores o críticos literarios Redactores de prensa, radio e televisión	Irregular descendente Muller de 26 a 35 anos Comarca de Santiago
2923 Filólogos, intérpretes e tradutores Intérprete en xeral Filólogos Lingüistas Tradutores e intérpretes Tradutores en xeral	Irregular descendente Muller de 26 a 35 anos Comarca de Santiago
2931 Artistas de artes plásticas e visuais Debuxantes, en xeral	Irregular ascendente Mulleres de 26 a 35 anos Comarca de Vigo
3129 Outros técnicos das ciencias físicas, químicas, medioambientais e das enxeñarías Preparadores de textos (preimpresión) Preparadores de imaxe (preimpresión) Técnicos en produción editorial	Irregular ascendente Muller de 26 a 35 anos Comarca do Eume

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA




CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

<p>Técnicos editores Grafistas/maquetistas Infografistas de prensa Técnicos de autoedición e/ou en sistemas de edición electrónica Técnicos en composición e/ou fotocomposición (industrias gráficas) Técnicos de encadernación (Industrias gráficas) Técnicos en impresión offset Técnicos en impresión en xeral (industrias gráficas) Técnicos en postimpresión/manipulados Técnicos en preimpresión Técnicos en reprodución mecánica de industrias gráficas</p>	
<p>3160 Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñaría Técnicos de control de calidade en industrias gráficas</p>	<p>Irregular ascendente Home de 26 a 35 anos Comarca de Vigo</p>
<p>3207 Supervisores da produción en industrias de artes gráficas e na fabricación de produtos de papel Encargados de taller de imprenta Encargados de taller de encadernación</p>	<p>Non hai datos de evolución Home de 36 a 45 anos Comarca de Vigo</p>
<p>3731 Fotógrafos Reporteiro e informador gráfico</p>	<p>Irregular descendente Home de 26 a 35 Comarca de Santiago</p>
<p>4222 Codificadores e correctores de imprenta Correctores tipográficos-ortográficos</p>	<p>Irregular ascendente Home de 26 a 35 anos Comarca da Coruña</p>
<p>7621 Traballadores de procesos de preimpresión Elaboradores de probas Electrotipistas e /ou galvanoplastas Escanistas (reprodución artes gráficas) Fotogravadores en xeral Gravadores en pedra litográfica Montadores preparadores da forma impresora Montadores retocadores de fotolitos Trazadores-montadores de filmes e textos</p>	<p>Irregular descendente Home de 26 a 35 anos Comarca de Vigo</p>
<p>7622 Traballadores de procesos de impresión Artesáns impresores Operadores de máquina de reprografía das artes gráficas Operadores de máquina impresora de pequeno formato en artes gráficas Operadores de prensa litográfica en impresión de artes gráficas Operadores de prensa planocilíndrica en impresión de artes gráficas Operadores de prensa rotogravado en impresión de artes gráficas</p>	<p>Irregular ascendente Home de 26 a 35 anos Comarca da Coruña</p>
<p>7623 Traballadores de procesos de encadernación Encadernadores e restauradores artesanais Operadores de máquinas para encadernación industrial, en xeral</p>	<p>Irregular descendente Home de 26 a 35 anos Comarca de Santiago</p>

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego das Cualificacións. Observatorio Ocupacional

Entre xaneiro de 2011 e xaneiro de 2015 caeu en 518 o número de afiliacións á Seguridade Social nos empregos de edición e artes gráficas. Un descenso progresivo que semella frearse dende comezos de 2014, como se mostra a continuación na gráfica. De feito, entre marzo de 2014 e o mesmo mes de 2015 houbo case duasetas novas afiliacións. O número de traballadores afiliados nas dúas principais ramas de actividades da edición suman 5.438 persoas.

Afiliacións á Seguridade Social por ramas da CNAE 2009 dende xaneiro de 2008 ata decembro de 2012



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

No tocante ao comercio exterior, unha primeira achega a través da clasificación TARIC de produtos permite ver a evolución de “produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos”.

Comercio exterior e intracomunitario total e de produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos (miles de euros)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Exportacións	4.082,6	5.180,2	3.542,0	3.795,4	3.008,3	2.626,2
Importacións	4.743,4	16.297,1	3.467,3	3.021,1	2.481,0	1.933,8

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria



As exportacións de produtos editoriais e derivados descende en 2014 e sitúase, por primeira vez dende 2009, por debaixo dos 3 millóns de euros, practicamente a metade do facturado en 2010, ano en que tamén se experimentara un forte aumento das importacións.

Con todo, no último ano de estudo as importacións tamén baixan de xeito moi significativo neste sector.

Conclusións

En 2014 Galicia editou 383 libros máis ca en 2013, o que supón un aumento dun 15,4%. Este feito é importante porque é a primeira vez que aumenta o número de libros inscritos no ISBN en Galicia desde 2010. En termos absolutos, significa volver a niveis próximos aos de 2004. Galicia ocupa o sexto lugar no conxunto do Estado en número de libros inscritos no ISBN.

O número de editores (solicitantes de ISBN), logo da baixada que se produciu en 2012 e en 2013, crece en 2014 tanto no total España como na comunidade galega.

É moi salientable que en 2014 o número de títulos en galego crece en 337 unidades, o cal supón un aumento do 23%.

No que respecta ao formato, segue a dominar o formato en papel, que representa un 73,6% dos libros publicados en galego en 2014. Porén, o incremento da edición electrónica e doutros soportes explica en gran medida o crecemento da edición en termos absolutos en 2014.

A actividade empresarial do sector editorial en Galicia oscilou nos últimos seis anos entre as 345 empresas contabilizadas en 2009 e as 351 de 2014. O groso da actividade editora na comunidade galega corre a cargo das pequenas empresas. Un 56,4% das empresas de edición non teñen asalariados e un 26,2%, entre 1 e 2. A edición privada supuxo un 91,9% de toda a edición de libros en galego.

Entre marzo de 2014 e o mesmo mes de 2015 houbo case duascenas novas afiliacións nas dúas principais ramas económicas relacionadas coas actividades da edición. O número de traballadores afiliados suma 5.438 persoas.

Polo seu lado, as exportacións de produtos editoriais e derivados descende en 2014 e sitúase, por primeira vez dende 2009, por debaixo dos 3 millóns de euros.

